ANEXO III

ACTA DEFINITIVA DE SELECCIÓN DE PERSOAL

REF: PROXECTOS ERASMUS+ PROPIOS DO CIFP AS MERCEDES

Reunida a comisión avaliadora do centro educativo CIFP As Mercedes, con código de centro 27006528

De conformidade co punto décimo *Tramitación do procedemento* das bases da convocatoria, abriuse un período de 3 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta acta na páxina web do centro, para que as persoas interesadas formulasen as reclamacións que estimen oportunas ante a comisión avaliadora.

Unha vez transcorrido dito prazo e á vista das alegacións presentadas, esta comisión avaliadora

ACORDA

1.- Aplicar o baremo indicado no punto sétimo das *Bases da convocatoria para a selección de persoal para a súa participación nos proxectos ERASMUS+ propios do CIFP As Mercedes, no curso académico 2026/27*, para a selección das persoas participantes nas mobilidades que se realicen ao abeiro do proxecto arriba referido.

2.- Gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.

3.- Que as persoas deste centro **seleccionadas** para participar nunha mobilidade Erasmus+ ao abeiro do proxecto arriba referido son:

Orde	Apelidos, nome	Criterios selección				Total
		1	2	3	4	
1	Prieto Díez, Nuria	5,00	4,00	1,00	2,00	12,00
2	Ríopedre Díaz, Montserrat	5,00	2,00	2,50	0,00	9,50
3	Longarela Rodríguez, Roberto	5,00	2,00	0,00	2,00	9,00
4	Rivas Tomé, Amalia	3,00	3,00	0,50	2,00	8,50
5	Ferradás Bautista, Natalia	3,00	3,00	0,50	2,00	8,50
6	Rodil Fernández, Helena	3,00	2,00	0,75	2,00	7,75
7	Tomé López de Silanes, María Isabel	5,00	0,00	0,50	2,00	7,50
8	Vázquez Armesto, María	3,00	2,00	1,79	0,00	6,79
9	Barro Carralbal, Mercedes	2,00	2,00	0,50	2,00	6,50
10	López Ares, Nerea	3,00	2,00	1,25	0,00	6,25
11	Gamallo López, Antonia	2,00	4,00	0,00	0,00	6,00
12	Iglesias Somoza, Nerea	2,00	2,00	0,00	2,00	6,00

4.- Que as persoas deste centro solicitantes que pasan á **lista de espera**, podendo optar a unha bolsa no caso de que haxa un número de renuncias igual ou superior ao posto que ocupe, por orde de puntuación son:

Orde	Nome e apelidos	Criterios selección				Total
		1	2	3	4	
13	Somoza López, Mercedes	3,00	3,00	0,00	0,00	6,00
14	Vilar Novo, Verónica	1,00	2,00	0,25	2,00	5,25
15	Folgosa Rodríguez, Isabel	3,00	2,00	0,00	0,00	5,00
16	Penado López, Ana	5,00	0,00	0,00	0,00	5,00
17	Pérez Martínez, Andrés Alberto	3,00	1,00	0,25	0,00	4,25

5.- Que, na **ordenación das persoas con idéntica puntuación**, aplicáronse os criterios de desempate establecidos no punto 5 dos criterios de adxudicación da cláusula sétima das bases da convocatoria, de modo que no caso de empate deuse prioridade ás persoas solicitantes que que non participaron en mobilidades durante os 3 últimos anos, e cando aínda así persistía o empate, fíxose a selección por sorteo.

6.- Que non hai persoas deste centro excluídas para participar nunha mobilidade Erasmus ao abeiro dos proxectos propios.

E para que así conste, asínase o presente documento en Lugo a 9 de novembro de 2026.

María Vázquez Armesto

Presidenta Comisión Avaliadora

XUNTA DE GALICIA * CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E C.U. * CIFP AS MERCEDES

Mercedes Somoza López

Secretaria Comisión Avaliadora

Criterios de selección.

A selección do persoal realizarase de acordo aos seguintes criterios:

1.- **Antigüidade** no centro educativo (**máximo 5 puntos**).

- Interinidade/CADP: 1 punto.
- Funcionario/a en prácticas ou de carreira con destino provisional (incluídas permutas e comisións de servizo): 2 puntos.
- Menos de 2 anos con destino definitivo: 3 puntos.
- Entre 2 e 4 anos con destino definitivo: 4 puntos.
- Máis de 4 anos con destino definitivo: 5 puntos.

2.- Coñecemento do **idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos)**:

Este apartado acreditarase mediante certificados que acrediten a competencia lingüística nun idioma estranxeiro, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), da seguinte forma:

- Certificado de nivel B1: 1 punto.
- Certificado de nivel B2: 2 puntos.
- Certificado de nivel C1: 3 puntos.
- Certificado de nivel C2: 4 puntos.

Valoraranse aqueles certificados de coñecemento de idiomas estranxeiros admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior) que avaliasen todas as destrezas lingüísticas (comprensión lectora, comprensión auditiva, expresión escrita e expresión oral), conforme á táboa de certificados que estea vixente no momento de finalización do prazo de presentación de instancias.

No caso de que a lingua oficial do país de destino sexa o español, a puntuación neste apartado será de **0 puntos**.

3.- **Outros méritos**, referidos aos últimos 4 anos académicos anteriores a este curso, é dicir: **2022-2023, 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026**: (**máximo 4 puntos**):

- Participación en programas educativos organizados pola Dirección Xeral de Formación Profesional (máximo 2 puntos), 0,25 puntos por cada participación:
  - Programas do Plan Eduemprende (Atrévete, EduTecEmprende).
  - Programa InnovaTech FP.
  - Coordinación de premios a proxectos de innovación na FP.

- Coordinación de aula de emprendemento.
- Coordinación de aula de tecnoloxía aplicada.
- Participación con proxecto en FP Innova.
- Participación en Skills (expertos e titores).
- Coordinación de programas de formación para profesorado de Formación Profesional.
- Dinamización de relación con empresas, etc.

- Participación en grupos de traballo organizados pola Consellería e certificado pola mesma (máximo 2 puntos): 0,25 puntos por cada grupo de traballo.
  - Non se inclúen os PFPP e PFFP.
- Coordinación, dinamizacións e xefaturas propias dos centros educativos que impartan ensinanzas de Formación Profesional ou asesorías da DXFP (máximo 2 puntos): 0,25 puntos por cada ano de coordinación ou servizo*.
- Por cada ano exercendo a dirección, a vicedirección, xefatura de estudos e secretaría en centros públicos docentes (máximo 2 puntos): 0,5 puntos*.

* Teranse en conta as fraccións mensuais completas calculadas proporcionalmente.

4.- Pola **non participación en mobilidades KA1** do Programa Erasmus+ a partir do 1 de setembro de 2022: 2 puntos. (No caso de ter participado en mobilidades KA1 con beca 0, si se baremará este apartado).

5.- Criterios de desempate.

No caso de empate darase prioridade ás persoas solicitantes que non participaran en mobilidades durante os últimos 3 anos.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.